

PODCAST FLORENCIO DELGADO POEMAS CRIoulos

*Xogando coas palabras - IV Concurso Podcast
Modalidade I*



*Alumnado de 2º de
primaria, titoras,
comunidade escolar e
equipa de biblioteca*

POEMAS CRIoulos



Podcast Florencio Delgado Gurriarán

LETRAS GALEGAS

Estamos ante un alumnado castelán falante, que necesita darlle valor ás verbas, á nosa identidade. A radio é un dos recursos máis motivadores. Transmitir que as mensaxes máis importantes na nosa lingua é parte do currículo, pero vai moito máis aló, porque como dicía Manuel Murguía: "Un pobo que esquece a súa lingua é un pobo morto".

A gravación do podcast realízase na Radio Experimental, recurso que oferta a biblioteca escolar, coa participación de tres titoras cada unha coa súa titoría de 2º de educación primaria, a comunidade educativa (á que se convida a crear e participar) e coa colaboración do equipo de biblioteca. O resto das actividades que levan á súa consecución suceden no eixo da escola, a Biblioteca Escolar "Carlos Labraña", que aporta a documentación.

Este ano o lema das bibliotecas escolares é "A biblioteca ten a palabra" por iso decidimos xogar con elas ao estilo de Florencio Delgado.

Lendo a súa biografía descubrimos unhas poesías ás que lles chamou "poemas crioulos", as realizaba collendo palabras de México e mesturándoas coas de Córrego, lugar do seu nacemento. Conseguinte así recrear paisaxes da súa infancia e un léxico máis rico e peculiar.

Creatividade e Fantasía

CEIP NICOLÁS DEL RÍO

Nesta actividade participan tres aulas de segundo de primaria e a comunidade educativa de todo o centro, á que se convida a participar.

Estas son as actividades dun mini proxecto, como tal, o profesorado participamos, igual que a rapazada de todas e cada unha das actividades, é un traballo cooperativo e polo tanto está redactado deste xeito.

PASOS:

1º- Comezamos lendo a biografía de Florencio Delgado en diversos soportes. Recabamos a documentación máis importante e descubrimos os poemas crioulos. Hai consenso, gústanos este tipo de creacións.

2º- Mandamos un email ao Centro Galego en México, para pedir a súa colaboración. Tivemos unha primeira resposta que nos convida a enviar un novo correo a outra dirección, pero a día de hoxe seguimos sen resposta. Repasado todo o alumnado do centro, observamos que non hai ningunha familia de orixe mexicana. Publicamos nas redes sociais, buscando galegos en México, por se hai algunha que non teña alumnado no centro, pero non obtemos resposta. Así que desistimos de utilizar esta vía.

3º- Continuamos recollendo documentación sobre o exilio naquela época. Facemos un listado de países nos que a emigración estaba moi representada. Voltamos a repasar ao alumnado de todo o centro e vemos que hai familias de algúns de eses países.

4º- Elaboramos un cartaz e unha carta e o mandamos a todas as familias do centro para que participen na actividade, se o desexan.

5º- Buscamos documentación sobre as verbas máis usadas no listado de países (Arxentina, México, Brasil, Uruguai, Venezuela, Cuba e EE.UU). Foi unha actividade moi emotiva e divertida, pois contamos con alumnado de eses países e eles mesmos traían día a día novas palabras, libros ou vídeos nos que buscar. As mestras tamén fixemos un traballo de selección dos documentos a mirar.

6º- A lectura e o visionado de toda a documentación, para escoller un listado de verbas, foi das tarefas máis longas e gratificantes. Cando atopábamos unha era sometida a consenso e escrita no caderno coa súa explicación.



BIBLIOTECA ESCOLAR
"CARLOS LABRAÑA"



